

## **ACORDO CONSTITUTIVO DA COMUNIDADE TERRITORIAL DE COOPERACIÓN DO VAL DO MIÑO**

A Asociación de Municipios do Val do Miño (AMVM) e as Deputacións Provinciais de Pontevedra e Ourense, representadas polo seus respectivos Presidentes, e estes tamén en representación dos municipios que se indican no artigo 3º, segundo os acordos adoptados.

Considerando as afinidades xeográficas, culturais, sociais, económicas e históricas existentes entre as provincias de Ourense e Pontevedra e o Val do Miño.

Tendo en conta que a cooperación transfronteiriza é un dos medios máis eficaces con vista á aproximación das poboacións fronteirizas, a supresión das dificultades que implican tódalas fronteiras, a promoción do desenvolvemento económico, social e cultural destas dúas rexións.

No espírito do conxunto da obra do Consello de Europa en prol da cooperación transfronteiriza territorial e, especialmente do Convenio-Marco Europeo sobre Cooperación Transfronteiriza das Autoridades ou Colectividades Territoriais, ratificado pola República Portuguesa e polo Reino de España, así como no espírito do Tratado Bilateral de 1977 celebrado entre ambos os dous países.

Recoñecendo a importante acción desenvolvida pola Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e a súa contribución para o estreitamento das relacións entre as dúas rexións nos sectores económico, social, educativo, cultural e das administracións públicas e a necesidade de , a nivel local, afondar nos lazos de cooperación transfronteiriza entre as autarquías situadas nos dous lados da fronteira.

Acordan:

### **Artigo 1º.-**

Constitúese a Comunidade Territorial de Cooperación do Val do Miño, que se rexerá de acordo cos principios enumerados nos artigos seguintes.

## **Artigo 2º.-**

A Comunidade Territorial de Cooperación ten como obxecto a promoción do desenvolvemento harmonioso e sostido da rexión transfronteiriza do Val do Miño, mediante o establecemento dunha dinámica de concertación rexional, concretada en encontros regulares entre as Provincias de Ourense e Pontevedra e o Val do Miño, para tratar asuntos do seu interese común, intercambiar informacións, coordinar iniciativas e examinar a posibilidade de solucionar problemas comúns por medio de acordos, proxectos conxuntos, de decisións tendentes a unha solución coordinada, ou de recomendacións e propostas ás autoridades competentes.

O previsto neste acordo constitúe un compromiso mutuo de carácter non normativo e non interfere co reparto de competencias establecido en cada territorio polos dereitos internos portugués e español.

## **Artigo 3º.-**

A área territorial abranguida pola Comunidade Territorial de Cooperación do Val do Miño engloba, en Portugal, a área correspondente aos municipios de Caminha, Melgaço, Monçao, Paredes de Coura, Valença e Vilanova da Cerveira, e en España, a área correspondente aos concellos de, na provincia de Pontevedra, Arbo, A Cañiza, O Covelo, Crecente, A Guarda, As Neves, Mondariz, Mondariz Balneario, Oia, Pontearias, O Porriño, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño e Tui, e na provincia de Ourense, Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Gomesende, Leiro, Melón, Padrenda, Pontedeva, Punxín, Quintela de Leirado, Ramirás, Ribadavia e Toén.

A Comunidade Territorial de Cooperación ten sede na da Asociación de Municipios do Val do Miño e na Deputación de Pontevedra.

## **Artigo 4º.-**

O Consello da Comunidade Territorial de Cooperación asegura a continuidade das actividades de cooperación transfronteiriza, fixa o programa de acción da Comunidade, adopta os acordos, recomendacións e propostas da Comunidade de Cooperación e pode aprobar resolucións regulamentarias fixando normas de funcionamento e as súas modificacións.

O Consello da Comunidade Territorial de Cooperación está formado polas delegacións oficiais do Val do Miño, que integrará un representante da AMVM ( Asociación de Municipios do Val do Miño) e de cada unha das Cámaras Municipais asociadas, e da Provincia de Pontevedra e Ourense, que integrará un representante das respectivas Deputacións Provinciais e un representante de cada Concello participante. Cada delegación nomeará un Presidente e un Vicepresidente.

As decisións tomaranse con base na igualdade de representatividade de ámbalas dúas delegacións.

Se así o decidise o Consello, poderán participar nas reunións os Coordinadores das Comisións Sectoriais que se constitúan.

Participarán no Consello da Comunidade Territorial de Cooperación, os Presidentes da Comisión de Coordinación da Rexión Norte de Portugal e da Xunta de Galicia.

A invitación do Presidente poderán participar nas sesións do Consello, con estatuto de invitados oficiais ou observadores, personalidades nacionais e europeas así como representantes de organismos hispano-portugueses de cooperación transfronteiriza.

Así mesmo os Axentes socioeconómicos, Institucións públicas ou privadas, e as Universidades e Centros de Investigación e as Institucións locais en xeral, poderán participar nas sesións do Consello, segundo unha fórmula que fixará este previa consulta con aqueles.

O Consello reunirse dúas veces ao ano, alternativamente en cada país, podendo facelo en sesión extraordinaria por convocatoria do Presidente.

### **Artigo 5º.-**

O Presidente da Comunidade Territorial de Cooperación, que preside o Consello, ten un mandato de dous anos.

A Presidencia será exercida alternativamente polo Presidente da AMVM (Asociación de Municipios do Val do Miño) e o da Deputación de Pontevedra. En caso de impedimento temporal do Presidente, será substituído durante ese período polo Vicepresidente respectivo.

O Presidente representa á Comunidade Territorial de Cooperación, prepara a Orde do día do Consello, tras a consulta co Presidente da outra rexión membro, procede a convocar as reunións do Consello e doutras que, pola súa importancia, así o requiran, e autoriza coa súa sinatura a acta das reunións.

### **Artigo 6º.-**

A Comunidade Territorial de Cooperación poderá crear, por decisión do Consello, Comisións Sectoriais paritarias, así como, con carácter temporal e excepcional, Comisións “ad hoc”, determinando as súas funcións.

A Comunidade Territorial de Cooperación prestará especial atención ao desenvolvemento económico e rural, ás infraestructuras, aos transportes, ás comunicacións e ao turismo, ao medio ambiente, ás áreas protexidas e aos temas do ordenamento, á cultura, á educación e deporte e á innovación, á agricultura e á gandería.

A composición de cada Comisión Sectorial estará determinada polo acordo da súa creación, sen prexuízo de que os Coordinadores Xerais poidan introducir as modificacións que resulten aconsellables.

As Comisións Sectoriais someterán as súas propostas ao Comité Executivo.

### **Artigo 7º**

Co fin de asegurar a coordinación xeral e permanente das actividades da Comunidade Territorial de Cooperación, cada un dos Presidentes nomeará un Coordinador Xeral para a cooperación prevista neste acordo, o que participará nas reunións do Consello.

Os dous Presidentes, Vicepresidentes e Coordinadores Xerais constituirán, o Comité Executivo da Comunidade Territorial de Cooperación. Este órgano é o encargado de presentar as propostas ao Consello para a súa consideración e decisión, de velar pola coordinación e a coherencia dos traballos das Comisións Sectoriais, polo funcionamento do Secretariado e por acadar as accións programadas; realizarán as actuacións necesarias para a elaboración dos programas de traballo, así como para determinar as prioridades da Comunidade Territorial de Cooperación.

De xeito paralelo, asegurarán tamén a articulación coa Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal.

O Comité Executivo reunirase por decisión do Presidente da Comunidade ou por solicitude dos dous Coordinadores Xerais.

Os Coordinadores das Comisións Sectoriais poderán ser invitados a participar nas reunións do Comité Executivo.

#### **Artigo 8º.-**

Cada delegación soportará os gastos orixinados pola súa participación nas reunións e nas actividades da Comunidade Territorial de Cooperación.

O orzamento da Comunidade Territorial de Cooperación será aprobado polo Consello, a proposta do Presidente.

As cotizacións das Cámaras Municipais e dos Concellos asociados serán equivalentes.

#### **Artigo 9º.-**

O presente acordo poderá ser denunciado por calquera das partes contratantes, cun prazo de aviso previo de cinco meses.

Paredes de Coura, a 12 de abril de 2000

**O Presidente da  
Deputación Provincial  
de Pontevedra**

**O Presidente da  
Asociación de Municipios do  
Val do Miño**

Asdo. Manuel Abeledo López

Asdo. Antoni Rui Esteves Solheiro